

# LOBOS SUCIOS

[Simón Casal, 2015]

# 102

ESTREA EN NUMAX: 08.04.2016 | v.o. | +12

Lobos sucios (2015, 105')

**Dirección:** Simón Casal

**Guión:** Carmen Abarca, Paula Cons, Felipe Rodríguez, Noelia del Río

**Reparto:** Marian Álvarez, Manuela Vellés, Isak Férriz, Pierre Kiwitt, Thomas Coumans, Sam Louwyck, Ricardo de Barreiro, Xose M. Esperante

**Montaxe:** Jordi López

**Son:** Srdjan Kurpjel

**Dirección de arte:** Antonio Pereira

**Música:** Sergio Moure

**Fotografía:** Sergi Gallardo

**Produtora:** Agallas Films, Dream Team Concept (España), Left Field Ventures (Bélxica)

**Distribuidora:** Syldavia Cinema

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.35 : 1

## FILMOGRAFÍA

*Eduardo Barreiros,*  
*o Henry Ford español*, 2010 [tv]  
*Trazos*, 2007 [curtametraxe]  
*Panta Rei*, 2004 [curtametraxe]

«Imaxinade un pobo cheo de analfabetos e mortos de fame que, de súpeto, se ve mudando a historia da humanidade, porque ese wólfram que saía de Galicia era o mesmo co que se fabricaron as bombas que os alemáns guindaron sobre Londres»

Simón Casal

## SINOPSE

Manuela é unha mineira rexeitada por ser considerada meiga pero capaz de embarcarse nun roubo aos nazis por tratar de curar a súa filla enferma. Pola súa banda Candela é a súa irmá pequena, que a acompaña nesta grande aventura, na que demostrarán que dúas mineiras galegas puideron mudar o curso da historia da Segunda Guerra Mundial.



# LOBOS SUCIOS

[Simón Casal, 2015]

## Nota do director

Galicia, 1944. A rexión converteuse nun niño de espías polos servizos secretos nazis e aliados. Aquí os alemáns atopan algo que non había no resto de Europa: wólfram, un mineral estratéxico para a industria de guerra nazi. Esta historia transcorre na principal mina de wólfram de Galicia, unha grande instalación dirixida por enxeñeiros nazis e a garda civil española, onde conviven presos políticos que redimen as súas penas e traballadores libres procedentes das aldeas pobres dos arredores. Unha sabotaxe á mina será o gran detonante desta historia.

Cando me chegou o guión de *Lobos Sucios* o primeiro que me cativou é o mundo ao que me transportaba. Empezamos a documentarnos, a visitar minas, a camiñar polos seus túneles e a escoitar testemuños da época. Comecei a imaxinar os mineiros traballando nas vetas, entre a auga, o barro e o po, vestidos con monos de tea e zocos de madeira, conxelados de frío, fumando, tusindo... mulleres separando mineral en hangares húmidos, canda máquinas de triturado e separación, traballando en mesas de lavado cos pés descalzos sobre terra e serrín... todo estes elementos comezaban a suxerirme as primeiras sensacións, as que viviron as persoas reais e as que vivirían os nosos personaxes.

E ao carón da mina, Casaio, unha pequena aldea encaramada nas montañas rexida por condicións naturais moi duras onde abundan, coma no resto de Galicia, a superstición e as crenzas populares. Relatos que describen bosques poboados por almas que vagan polas noites convertidas en insectos e animais. Relatos que falan da vida secreta dos bosques galegos. Relatos que lemos e que nos contaron as nosas avoas e avós. Nós recollemos o testemuño e facemos a nosa propia interpretación.

Este é o mundo do filme, unha contorna ultraesixente onde calquera fenómeno da natureza desprende sensacións sobrenaturais. Daquela deime de conta do primeiro que necesitaba para transportar ao espectador a esta historia:

inmersión. E é neste mundo onde agroman as historias de amor do filme. Entre unha nai e a súa filla, entre dúas irmás, e entre un home perdido, un home condenado e unha muller pechada en si mesma. Atraíame enormemente este contraste entre a crueza da contorna e da época e o coraxe, o amor e o sacrificio que xorden nela.

Os nosos personaxes viviron tempos de fame e sufrimento. Viven rodeados de pobreza, enfermidade e ausencia de esperanza. Teñen necesidades urxentes e foxen de pantasma do pasado. De imaxes que retumban nas súas cabezas, unha e outra vez, e os afogan en resentimento porque son incapaces de transformalas. Hai un rexeitamento a conectar co outro, a comprender o que pide ou a aceptar a súa axuda, por medo ou desconfianza ou porque suporía reconecer a propia vulnerabilidade. Son personaxes incapaces de empatizar, incapaces de se pór na pel do outro, do diferente. Mais as circunstancias obrígaos a iniciar esta viaxe, a pararse e mirar durante uns segundos aos ollos do que teñen enfronte. E logo a mirar dentro de si mesmos.

Estes son os elementos que entran en colisión nesta historia. Personaxes ao límite nun ambiente de desolación e con moito que aprender. Personaxes cunha viaxe interior pendente, que se ven obrigados a lanzarse a unha aventura épica, de espionaxe e roubo dunha mina, na que se xogan a vida a cada paso e onde xurdirá a maxia, o suspense e a emoción dun relato que, á fin, fala da capacidade do ser humano de sacrificarse polos demais.

Extraído de: <http://simoncasal.es/project/lobos-sucios-dirty-wolves/>

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)